

NORMAS E INSTRUCIÓNS

INSCRICIÓN NAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2016/2017

Poderase facer a partir do 7 de setembro de 2016 e para elo deberás empregar o formulario de inscrición que atoparás no apartado Documentación Adicional dentro da sección **Inscrición** deste mesmo menú web (ou [facendo clic aquí](#)).

Con respecto a este impreso, lembra:

1. **Formulario único por actividade:** Emprega **1 formulario de inscrición** por cada actividade para a que desexes inscribirte (se o cubres no ordenador non deixará que marques máis de unha en cada impreso).
2. **Modalidade:** Indica se te inscribes para unha actividade de **ADULTOS** ou de **NENOS**.
3. **Fíxate nos días e horarios:** Cumprimenta os datos segundo o tipo de inscrición que desexes realizar ⁽¹⁾.

Onde podes presentar o formulario de inscrición?

Tes dúas opcións:

1. Nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude (Casitas da Compañía, s/n)
 - a) Cubre o formulario no teu ordenador e imprímeo (lembra que non podes gardalo xa cuberto)
 - b) Asínao
 - c) Preséntao nunha das Oficinas Municipais mencionadas en horario de **09.00 a 14.00** de **luns a venres**.
2. Achégao nun correo electrónico ó seguinte enderezo: deportes@concellodemonforte.com
 - a) Cubre o formulario no teu ordenador e imprímeo (lembra que non podes guardalo xa cuberto)
 - b) Asínao
 - c) Escaneao
 - d) Achégao como adxunto nun correo electrónico ó enderezo indicado.

NOTA - En todos os casos non esquezas acompañar ó formulario de inscrición aqueles documentos necesarios para xustificar situacións que inflúan na inscrición (copia libro de familia se pertences a familia numerosa, copia da cartilla bancaria para os pagos, etc.). Ante calquera dúbida consulta a páxina 2 do formulario de inscrición.

(1) En especial no que se refire a días e horarios de impartición das actividades